


NÚMERO 24//NOVEMBRO 2023

CHÍO

PRESAXIO DE AUSENCIA



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO

Obra de Xoán Guerreiro



Xoán Guerreiro

Nace en Xove (Lugo) en el año 1.956.

En los años 1.992/93/94 obtiene la beca de pintura 'Valdearte'. O Barco de Valdeorras (Ourense).

Es seleccionado en los años 1.991/93/95 en la Mostra Unión Fenosa.

En el año 1.990 gana el primer premio de pintura 'LUGONOVA 90' y es finalista del concurso de ilustración de libros de cuentos ESPASA-CALPE.


Participa en la I y II MOSTRA DE DEBUXO E GRABADO en el Barco de Valdeorras en los años 1.996/98 (Ourense).



Otros trabajos realizados: Ilustración de los libros 'A fonde da vida longa', 'Tralas portas do rostro' y 'Niguén chorou por nós', premio de teatro Rafael Dieste.

Murales en la iglesia de San Bartolomé de Xove (Lugo) y Homenaje a Luís Seoane. O Barco de Valdeorras (Ourense).

Diseño de las carátulas de los discos 'Rosas de luz' (Xocaloma) y 'Agardando que pase algo' (Fía Na Roca).



Xoán Guerreiro es a la vez un paleta gallego y la paleta de Galicia. Pocos han sabido como él representar ya no el paisaje o el paisanaje de Galicia, abundantemente tratados antes y después de él, sino el carácter más íntimo del ser gallego; ese escepticismo militante e inconsciente del que ha crecido con la autarquía en su interior; esa resignación bíblica del que no espera ni pide nada, ese me voy pero me quedo de quién puede emigrar de su aldea pero no de su tierra; esa pesadumbre con retranca del que vive bajo un cielo eternamente plomizo; esa generosidad medida de quién da sabiendo lo que cuesta; ese hueco vacío en la "lareira" siempre esperando a quién siempre lo ocupó, esa ausencia constantemente presente.

Guerreiro sabe transmitir en cada uno de sus cuadros ese espíritu porque se quedó pero se fue, porque no pide pero exige, porque aún se sorprende cuando un rayo de luz rompe el gris del cielo, porque espera sentado mientras está buscando, porque da pero guarda, porque en su interior siempre hay un hueco vacío esperando a ser ocupado, porque está sólo entre la multitud. Guerreiro es un poeta que pinta versos que hieren y curan; es un cantautor urbano de voz cascada que ve belleza en cada furcia vieja que comparte whisky, es un pueblerino al que le duele la desolación de la ciudad; es un vagón de mercancías que parece que viene pero parece que se va, es un residente de paso, es un faro encendido en un día despejado. Guerreiro es contradicción tatuada al óleo sobre tabla.

OBRA DE PORTADA





NON FALABA DE TI

Hoxe di o xornal que morreu Carne do Corgo
que perdeu no Anxo Carro o Lugo
e que amenceu nevando nos Ancares.
Que decomisaron non sei cantos quilos de coca
que *Querido Pedro*, dixo Yolanda
que é a época de escorpio
que saíu no Luar o presidente do Parlamento e *movidas* así.

Pero nada di a prensa de hoxe
desta revista dixital que cumpre vintecatros números,
da única publicación cultural de Lugo que aparece cada mes.
Porque hoxe, coma sempre,
o xornal non fala de **Chío**.

E si...ben podería ser esto un calco dun Sabina, pero non é esa a intención.
Hoxe, igual que onte, coma sempre.

MELINA LÓPEZ

Dírente

Rubén Arroxo

Tenente Alcalde do Concello de Lugo



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Creo que calquera, gústanme as preguntas difíles, as que che fan pensar e dubidar da resposta acaída. Ao final creo que é algo que temos na mente as persoas deportistas de sempre, que nos gusta que nos marquen retos complexos.

E cal sería a resposta?

A resposta sería un 90% o que penso, e un 10% deixando a dúbida sobre a mesa. Sempre hai que deixar algo para poder interpretar por parte do receptor dentro dunha resposta.

Unha película?

Sigo principalmente dous xéneros no cine, a temática histórica e a ciencia ficción. De temática histórica quedaríame con Braveheart e de ciencia ficción con toda a saga do Señor dos Aneis, incluída a triloxía do Hobbit e a serie que saíu o ano pasado "Os aneis do poder".

Un actor?

Gustábame moito Ernesto Chao, unha persoa que co seu humor entraba cada mércores pola noite en cada casa na segunda metade dos 90 e primeira dos 00, aquela serie, Pratos Combinados, marcou unha xeración.

Unha actriz?

Son moi fan de Isabel Risco. O seu humor, a súa esencia, a súa retranca galega, fana única.

Unha canción?

Escoito principalmente música rock, de forma especial bandas de rock galego e rock estatal dos 80-90. Non teño unha canción favorita concreta, mais por dicir unha que me apetece escoitar hoxe, "Los Maestros" de Barricada.

Un libro?

O Sempre en Galiza, lino unhas 6 veces enteiro, e moitas veces determinadas partes, seguramente aínda me queden moitas máis por lelo, porque sempre acabo atopando cousas novas nel.

Un autor?

Pois dado o libro mencionado, non me queda outra que elixir ao seu autor, o gran xenio Daniel Rodríguez Castelao.

Un articulista?

Trato de ler cada semana a Rodrigo Cota, gústame como escribe e o seu contido.

Un político?

Alexandre Bóveda. Para min a representación real de lealdade, loita e dignidade, levándoa ata o último momento, pagándoa coa propia vida.

Un tempo?

O que estamos a vivir. O pasado só pode servir para aprender e o futuro para decidir cara onde se camiña.

Un taco?

"Ostia", son consciente de que o repito moito

Que lle molesta?

Supoño que como a maioría da xente, moitas cousas, aínda que creo que son bastante paciente e tolerante. Pero si que me molesta moito ver actitudes feitas con maldade intencionada, trato de fuxir das persoas que as levan a cabo.


Alguén ou algo despreziable?

A traición, sen lugar a dúbida. Para min a lealdade nas relacións humanas resúltame sagrada, cústame aceptar de novo a unha persoa que a saltou.



CHIANDO DE LUGO A RIBADEO (OU DE RIBADEO A LUGO)

ANTONIO GREGORIO MONTES *



Remato de ver que cara fin do século actual, Lugo, capital de Nixeria, será a cidade máis grande do mundo, cunha poboación equivalente ó dobre da España actual ou a unhas novecentas veces a que ten Lugo hoxe. É dicir, equivalerá a uns novecentos Lugo. Ou sexa, unha proporción semellente a que hai entre o actual Lugo e a parroquia de Couxela, en Ribadeo...

A pesar do dito, como capital, un chío que se produza en Lugo que terá máis forza e acadará máis difusión que un que se produza en Couxela. Iso, aínda que a cousa se difumine se pensamos que a capital agrupa (só) algo menos de un terzo da poboación provincial. De calquera xeito, non é só o ter máis poboación, senón o estar máis próxima ós centros de poder, sexan políticos ou económicos, mesmo sociais.

Por un cambio de percepción segundo a situación, convén tomarse con calma, de xeito consciente, as viaxes a ou dende Lugo á poboación que sexa. Poñamos, Ribadeo. Saes de Ribadeo podendo uliscar o mar e o seu espazo aberto que toca co horizonte nos días despexados, ou se mistura con el nos menos transparentes. Podes tirar Eo arriba, vendo á túa beira as augas pasar temperadas ou indómitas, segundo o lugar, segundo a estación. E ti mesmo vas cambiando a medida que ascendes e te entra a paisaxe polos poros. Xa non estás en Ribadeo, aínda non estás en Lugo. Coroando o Marco de Álvare sentes un rachar externo que te chega dentro e te arrastra Miño abaixo. Non, segues sen estar en Lugo, pero as augas xa corren cara alí. Saber que ese alto á túa beira é o castro de Viladonga retrotráete no tempo e segue a cambiar a túa percepción. E así vas entrando pouco a pouco na vila capital provincial de Ribadeo dende 1833, despois de ter desposuído a Mondoñedo. Detalle este que tamén hai que considerar: a antiga provincia mindoniense conserva unha personalidade territorial que se pode identificar coa Mariña.

Todos eses cambios, e moitos máis, actúan na viaxe que te trae ou te leva de Ribadeo. Podes non sentilos, abstraída ou abstraído cunha conversa trivial ou coa música radiada. Perderás entón a posibilidade de acomodación a esa riqueza que ten a nosa terra, a diversidade, a preparación para o cambio de lugar, e renunciarás a elas. Pode que mesmo sentíndote máis por chamarte a un ou outro lugar, e sendo menos por faltar o mundo enteiro ó teu arredor.



XXXIII

Festival de

Jazz

de

Lugo

3 ao 19 de novembro 2023



ARTISTA: GABRIELA PEREIRA

+ info www.jazzlugo.com

+ INFO: WWW.JAZZLUGO.COM

TOPONIMÍZATE EN FRIOL

O pasado 11 de outubro no Salón de Actos do Centro Sociocultural de **Friol**, celebrouse unha charla divulgativa e formativa destinada a comunidade educativa e a toda a poboación, para implicarse na salvagarda do maior patrimonio cultural inmaterial do pobo galego, a súa microtoponimia. Dun xeito ameno e didáctico, o filólogo **Vicente Feijóo Ares**, Coordinador do Seminario e Toponimia da Real Academia Galega, presentou **Galicia Nomeada**. Unha plataforma colaborativa para a recolleita, xeorreferenciación e difusión da microtoponimia galega e de toda a tradición oral asociada a ela.

Esta ferramenta permite que o voluntariado cultural de Galicia (particulares, asociacións veciñais e culturais, comunidades de montes, centros de ensino, confrarías, entidades públicas e privadas...), desde un PC, tableta ou smartphone conectado a internet, poidan achegar os topónimos da súa aldea, parroquia ou concello; non so do nome dos pobos senón tamén das leiras, fontes, penedos, muíños, praias, regueiros...

A RAG retoma o "Toponimízate" para recuperar a memoria dos avós; faise en doce concellos galegos onde se convida a participar os veciños na recuperación da memoria dos nomes e o mesmo tempo dase detalle dos significado dos topónimos que dan nome as parroquias, en este caso do Concello de Friol.

O alcalde, **José Ángel Santos** manifestou a súa satisfacción pola acollida da iniciativa, non so dende a comunidade educativa, onde mestres e alumnos mostraron o seu interese na pescuda da orixe dos nomes das parroquias, senón tamén dos mais cativos lugares e cousas do Concello; así mesmo valora de xeito significativo a implicación dos maiores do concello pola axuda que prestan os rapaces e rapazas en esta labor.



SEIS, SON MEDIA DUCIA

PACO NIETO*

Pois pasou o San Froilán do 23; certo é que o programa festeiro pode valorarse según como lle vai a cada quen na festa, esto pasa sempre; pero a este servidor faltoulle, un ano mais, a Banda, a BMM (Banda Municipal de Música) de Lugo. A pouco que falte un par de aniños mais, a nosa Banda será so unha lembranza. Unha mágoa.

banda municipal de lugo - saudo a lugo

Disco titulado Mucedades (1971) ,también conocido como Otoño. En él participan 7 miembros, es donde Amaya empezó a perfilarse como solista principal.

El primer sencillo que se publicó de este álbum fue "Otoño", canción basada en la pieza del mismo nombre de Vivaldi con letra de Juan Carlos Calderón. Otoño, es un concierto lleno de alegría, nos habla de la época de la cosecha, y cuando se siembra buena semilla se obtienen buenos frutos; para Mucedades lo fueron.

mucedades - otoño

La inconfundible voz de las "Noches de blanco satén" y los Moody Blues dieron mucho mas de sí; entre otras cositas la participación en la Banda sonora de la película "La Guerra de los Mundos" con este "Siempre Otoño". Como curiosidad decir que esta canción nació de 1969, nació para un anuncio de Lego.

moody blues - forever autumn



SELECCIÓN MUSICAL



Esta obra fue atribuida al compositor veneciano del siglo XVIII Tomaso Albinoni, pero en realidad fue compuesta en 1945 por el musicólogo italiano Remo Giazotto y publicado por primera vez en 1958.

Escribió en El Correo el periodista Carlos Benito: "Se trata de una obra tan conocida y tan sobreexplotada que, para los más exigentes, su capacidad para emocionar está ya agotada y reducida a un tópico pasteloso, pero a la mayoría de los oyentes les sigue induciendo un respetuoso silencio y cierta congoja de ánimo." Y, ya que estamos en posiblemente el mes más triste del año.....

adagio in g minor - albinoni


Bueno, quería algo para noviembre y que mejor que el November Rain de los Guns N' Roses. Está considerada como una de las mejores canciones en el repertorio de Guns N' Roses. Es que todo roquero, por muy cañero que se ponga, siempre le quedará una balada como emblema

...Porque nada dura para siempre Incluso la lluvia fría de noviembre...


guns n' roses - november rain

Películas y más películas, muchas de ellas de gran éxito comercial para este actor inglés que también le da al cante, cosa para la que también es un portento; y para muestra esta primorosa versión del clásico de Roberta Flack: "La Primera vez que vi tu cara"; ojo a la piel de gallina.

luke evans - the first time ever i saw your face



SELECCIÓN MUSICAL



Diferente

Alma Selene

Cantante soprano, actriz, declamadora



Que pregunta le gustaría que le fixese?

¿Se puede vivir sin arte?

E cal sería a resposta?

No se puede vivir sin arte porque es el alimento del alma. En todo caso se podría sobrevivir pero éso sería vivir a medias.

Unha película?

La vida de nadie.

Un actor?

José Coronado.

Unha actriz?

Nuria Espert.

Unha canción?

Ave María de Shubert.

Un libro?

Sonetos del amor oscuro.

Un autor?

Federico Garcia Lorca.

Un articulista?

Rosa Montero.

Un político?

"El viejo profesor" como así le llamaban cariñosamente D. Enrique Tierno Galván.

Un tempo?

Siempre el presente.

Un taco?

Meapilas.

Que le molesta?

La hipocresía de las personas.

Alguén ou algo despreciable?

Yo diría que todas aquellas personas que no van con la verdad por delante, que no miran de frente. Me parecen despreciables la falta de sinceridad, el engaño y la manipulación.

CAMIÑA A IRMANDADE LUGO SEMPRE



No pasado mes de outubro e como punto de inicio desta senda conxunta que é a **Irmandade Lugo Sempre**, tivo lugar unha xuntanza coas asociacións:

Os 5 Ríos de O Corgo, Asociación de Veciños de Paradai, Lugo; Asociación de Veciños Riberas de Lea, Castro de Rei; Asociación Peña GV, O Paramo; Asociación de Veciñal Aguiar, Outeiro de Rei; Asociación Airiños, Baralla; Asociación de Xubilados e Pensionistas, de Lugo;; Asociación de Mulleres de Paradela e Asociación Cultural Lugo Sempre de Lugo.

En representación das mesmas, José Chousa López, Christian Fernández Díaz, Alfonso Gallego Vigo, Julio Castaño Toirán, Diego González, Julio Méndez Menendez de Llano e José Cando Sixto; escoitaron e participaron nas propostas para poder coordinar eventos e accións de carácter cultural e humanista.

O Presidente de Lugo Sempre, José Cando Sixto, puxo a disposición destas asociacións a plataforma en forma de web para poder establecer un órgano de comunicación entre todos os asociados; ó mesmo tempo, colleu forma a posibilidade de compartir actos como conferencias, charlas ou mesmo experiencias lúdicas nas localidades de cada asociación, sempre respectando a autonomía de cada unha delas e mantendo unha estreita colaboración entre a Irmandade.

Como acto nacente, quedou programado para o vindeiro día **15 de novembro** (20:00h) na **Ferretería** (R/San Froilán de Lugo) unha **charla sobre “O Testamento Vital”**, a cargo de D. **Ángel Usero**, responsable do Rexistro Galego de Instrucción Previas en Lugo da Consellería de Sanidade.

MORTOS DE PÉ

LA CONDENADA NEUMANDA



Cando paso pola rúa da imaxe, penso inevitablemente, en Casabermeja, un pobo de Málaga, onde se estendeu o mito de que enterraban aos mortos, de pé.

E logo non é isto un morto de pé? Mesmo poderíamos crear en **Lugo** o noso particular camposanto de cadáveres arquitectónicos, ou un catálogo de nichos inmobles. Vai ser por material, ho!

O certo é que o cemiterio de Casabermeja, espertou a lenda dos mortos enterrados de pé, debido á disposición dos seus nichos, máis nada. Unha idea que, lonxe de acercarse o da imaxe superior, obtivo a declaración de ben de interese cultural en 2006, ademais de ser monumento nacional.

Aquí, penso que non chegaríamos a BIC, malia os esforzos por intentar que estes mortos nunca sucumban, pero se alguén ten por aí un álbum de fotos sen estrear, igual non era mala idea o de patentar o catálogo. Caducar non lle ía caducar porque visto o tempo que leva este defunto sen se deitar...

A BOCADOS

Nova edición de “**A bocados**”, un escaparate de propostas culturais en **Lugo**, que ben merecen ser vividas.



Co escenario do cemiterio municipal de fondo, é posible ver, ao longo do mes, diferentes representacións teatrais e concertos, coma reflicte o cartel publicado por Cultura e Turismo do Concello de Lugo



Como cada **11 de novembro**, as **librarías** han celebrar o seu día. Temos unha cita importante, logo, co comercio local e a cultura.

A maioría ofrecerán actividades específicas ese sábado, coa intención de manter presente a importancia das librarías de barrio e que os lectores/as disfruten nelas dun día especial. Segundo a CEGAL (Confederación Española de gremios e asociacións de libeiros) as librarías son o lugar perfecto para recibir recomendacións personalizadas, de xeito que non hai excusa para non acudir a elas.



Dende o 20 de outubro a galería de arte **La catedral** acolle unha exposición de **Xan López Domínguez**, autor e ilustrador de Lugo, titulada “Inventos, despegues y aterrizajes”.
Moi recomendable.

ACLARÉMONOS

Lembramos que é posible descargar este número de **Chío** (e os anteriores) dende www.lugosempre.com

As **imaxes** publicadas neste número, son, coma sempre, obra dos propios artistas, colaboradores, etc. e saen á luz no **Chío**, baixo licencia e permiso dos mesmos/as.

Iso si: as obras de **Xoán Guerreiro** que ilustran a páxina dous da revista, son (de arriba a abaixo e de esquerda a dereita):

- **Faro de Estaca de Bares**
- **Insua de Area**
- **Campo Castelo**

Amén de **Presaxio de ausencia**, que é a portada do mes.

En relación aos **contidos** deste Chío, é preciso aclarar:

- A selección musical "Seis, son media ducia", a cargo de **Paco Nieto**, leva consigo ligazóns a cada un dos temas (prémelle) , ca intención de poder escoitalos mentras se chía.
- O cartel do XXXIII festival de jazz de Lugo, vai a cargo de **Carmen Prado**
- O cartel do día das librarías (apartado "A bocados"), é obra de **Javier Navarrete**, tamén coñecido como [EL CHICO LLAMA](#).

E aínda que aquí remata o número de novembro de **Chío**, tal vez é preciso lembrar que temos canle permanente en : chiorevista@gmail.com

Coordina e dirixe Chío: Melina López

